



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Catalogación Formal de Documentos Electrónicos	Código	710G02022	
Titulación	Grao en Información e Documentación			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Profesorado	Fernandez Travieso, Carlota	Correo electrónico	carlota.ftravieso@udc.es	
Web	pdi.udc.es/es/File/Pdi/4S46G			
Descrición xeral	Esta disciplina busca introducir ao alumno nos procesos e técnicas da Análise Documental de recursos electrónicos de especial relevancia dentro do ámbito da Documentación como disciplina científica. Profunda e amplía os coñecementos adquiridos na materia de Análise Documental e céntrase nos seguintes elementos: a) Os conceptos e formulacións teóricas centrais no estudo da catalogación asistida dos documentos electrónicos especiais. b) Estudo do marco de normalización con particular atención ao formato MARC 21 c) Aténdese aos procesos catalográficos; abórdanse os seus niveis operativos, e estúdanse os procesos de catalogación descritiva MARC d) Búscase a aplicación práctica do estudado no marco conceptual e metodolóxico técnico.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non hai cambios. Materia sen docencia no curso 2021-2022.
	2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas excepto a Proba mixta, que sofre modificacións únicamente na maneira de levala a cabo. Materia sen docencia no curso 2021-2022.
	*Metodoloxías docentes que se modifican - Proba mixta presencial: Substitúese por unha avaliación síncrona on line, utilizándose para tal fin Moodle e coordinación a través de vídeo conferencia a través de Microsoft Teams. Os alumnos que non podan realizar a proba a través dos medios previstos, deben comunicar á docente da materia tal circunstancia ofrecendo unha motivación con suficiente antelación. Para causas debidamente xustificadas, poderá, eventualmente, organizarse un sistema de avaliación alternativo.
	3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Ferramentas: Correo electrónico, Microsoft Teams, Moodle (retroalimentación formativa das actividades) Temporalización: Atenderase ao alumnado diariamente, de luns a venres. Rógase que, en primeira instancia, a comunicación establezase a través do correo electrónico ou do chat de Teams. Será posible concertar citas para vídeo-conferencias a través de Teams.
	4. Modificacións na avaliación. Non haberá cambios con respecto ao que se propón no apartado de Avaliación da guía. O único cambio é que a Proba mixta pasaría a facerse telemáticamente. *Observacións de avaliación: As mesmas que constan no apartado de avaliación. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai cambios con respecto ao último curso no que se impartiu a materia.

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Coñecemento, comprensión e aplicación dos principios teóricos e metodolóxicos para o estudo, a análise, a avaliación e a mellora dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
A7	Habilidades para analizar, asesorar e formar a produtores, usuarios e clientes de servizos de información, así como nos procesos de negociación e comunicación
A8	Habilidades na obtención, tratamento e interpretación de datos sobre unidades e servizos de información, dos procesos de produción, transferencia e uso da información e da actividade científica.
B1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xera, e adoitan encontrarse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algún aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B5	Que os estudantes desenvolverán aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender os estudos posteriores cun alto grao de autonomía



B6	Capacidade de análise e de síntese aplicada á xestión e organización da información
B9	Habilidades no uso de software xenérico
C2	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C8	Aprender a aprender
C10	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo
C12	Traballar de xeito colaborativo
C15	Capacidade de organización e planificación do traballo propio

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
a) Profundar en contidos de catalogación asistida por computador reforzando aspectos da práctica catalográfica sobre casos especiais na descrición de monografías e publicacións seriadas.	A4	B3	C2
	A7	B5	C8
	A8	B6	
b) Coñecer as características, aplicación e limitacións dos principais sistemas SIGB comerciais con especial atención a aplicacións catalográficas.	A7	B1	C2
	A8	B3	C8
		B5	C10
		B6	
c) Profundar en aspectos de aplicación de estándares IBERMARC e MARC 21 e coñecer as características e as limitacións deses sistemas.	A4	B1	C2
	A8	B2	
		B3	
d) Abordar as razóns que explican os límites de aplicación dos sistemas expertos nas tarefas de catalogación orixinal.		B1	C2
		B2	C8
		B3	C12
		B5	C15
		B6	
e) Saber caracterizar os denominados "documentos especiais" e coñecer e aplicar os instrumentos prescriptivos necesarios para o seu procesamento documental.	A4	B2	C2
	A8	B3	C8
		B6	C10
		B9	
e) Abordar a caracterización e evolución histórica dos catálogos en liña.	A4	B2	C2
	A7	B5	C8
		B6	C10
		B9	C12
			C15

Contidos	
Temas	Subtemas



I. INTRODUCCIÓN	- Definición de catalogación - A catalogación como operación da cadea documental e a análise documental - Un paso previo á catalogación: A descrición bibliográfica - Fases da catalogación. - Finalidade da catalogación -Definición de rexistro bibliográfico ou ficha catalográfica -Partes do rexistro bibliográfico - O catálogo e os seus obxectivos - A normalización no marco da análise formal - MARC 21 (estrutura e terminoloxía)
II. DEFINICIÓN, CARACTERÍSTICAS E TIPOS DE RECURSOS ELECTRÓNICOS	-Tipoloxía dos recursos electrónicos -Recursos continuados -Codificación dos recursos electrónicos nas posicións 06 e 07 da cabeceira e nos campos 008, 006 e 007
III. DESCRIPCIÓN E ESTRUCTURA DOS RECURSOS ELECTRÓNICOS	- Fontes de información dos recursos electrónicos - Fontes de información das publicacións seriadas e os recursos integrables - A lingua e escritura da descrición, omisións, abreviaturas, uso de maiúsculas, erratas, símbolos, etc. - Cambio de título - Directrices de CONSER
IV. AS ÁREAS DA DESCRIPCIÓN BIBLIOGRÁFICA	- Área de título e mención de responsabilidade - Área de edición - Área de material - Área de publicación, distribución, etc. - Área de descrición física - Área de serie - Área de notas - Área de número normalizado e condicións de adquisición
V. OS PUNTOS DE ACCESO	- Puntos de acceso bibliográficos - Puntos de acceso de materia - Clasificación dos recursos electrónicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	B2 B3 B5 B6 B9 C2 C8 C10 C12 C15	2	40	42
Traballos tutelados	A4 A8 B1	2	30	32
Portafolios do alumno	A7 B3 C2	10	0	10
Presentación oral	A7 B6 C10	9	0	9
Sesión maxistral	B2 B3 B6 B9 C8 C10 C12 C15	21	0	21
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Proba mixta	Método de avaliación dos coñecementos e habilidades adquiridos polo alumnado, puidendo combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta curta (pechada ou non) e outras algo máis extensas para que o alumno reflexione sobre os contidos tratados na materia.
Traballos tutelados	Realización por parte do alumnado dun traballo autónomo orientado á profundización nos contidos da materia, baixo a vixilancia e seguemento da profesora. Proporcionarase instrucións precisas para a súa realización. Exporase na aula.
Portafolios do alumno	Cartofol que reúne virtualmente (a través da plataforma moodle) os traballos dos alumnos, fundamentalmente consistentes en resumo, comentario ou responder a preguntas sobre lecturas, vídeos, conferencias, etc. que permitirán profundar sobre os contidos traballados e actividades de carácter práctico e exercicios de catalogación.
Presentación oral	Ó longo das aulas procurarase a interacción entre o alumnado e profesorado de xeito ordeado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica. Os alumnos terán que falar de/expoñer os traballos que se incluírán no portafolios.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos básicos da materia, elaborados e expostos pola docente, que pode apoiarse en medios audiovisuais. Proposta de exemplos e modelos. Resposta a dúbidas e preguntas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Portafolios do alumno Traballos tutelados	As titorías da materia permitirán ao alumnado resolver dúbidas sobre os contidos, a forma de preparar o exame, traballos tutelados, traballos do portafolios e calquera outra actividade orientada ao longo do curso. Empregarase preferentemente as titorías presenciais e o correo electrónico e o chat de Teams. Acordándose previamente coa profesora, poderanse tamén realizar titorías por vídeo-conferencia a través de Teams.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	B2 B3 B5 B6 B9 C2 C8 C10 C12 C15	Realizarase un exame final teórico-práctico sobre os contidos vistos nas sesións maxistras e nas interactivas. Inclúirá un exercicio de catalogación dun recurso electrónico con MARC 21.	40
Portafolios do alumno	A7 B3 C2	Valorarase adecuación do portafolios presentado aos temas propostos para cada actividade, o contido, as achegas por pare dos alumnos, a coherencia da súa estrutura, a redacción e presentación. Poderán especificarse criterios de avaliación máis concretos no momento da presentación das actividades aos alumnos.	25
Presentación oral	A7 B6 C10	Expoñerase o traballo tutelado. Farase chegar un power point con voz á a profesora dentro do prazo que indicará.	10
Traballos tutelados	A4 A8 B1	Computará a adecuación ás pautas marcadas (contido e presentación), a aplicación dos coñecementos adquiridos, a coherencia entre a proposta e o seu desenvolvemento, as iniciativas persoais, a claridade na formulación e estrutura, a capacidade de síntese, a redacción e presentación, fontes e bibliografía utilizada.	25

Observacións avaliación



Ao tratarse dunha materia da que non se imparten aulas durante o curso 2021-2022, será obrigatorio para TODO O ALUMNADO acordar unha titoría NAS DÚAS PRIMEIRAS SEMANAS DO CUADRIMESTRE co fin de establecer un plan de traballo idóneo. Establecerase entón un calendario para consensuar o tema do traballo tutelado e das prácticas do portafolios que o precisen e realizar as entregas.

Para aprobar a materia é preciso obter unha nota media de 5 sobre 10 que se calculará atendendo ás porcentaxes sinaladas para cada metodoloxía no apartado de avaliación, a condición de que se obteña un mínimo de 4 sobre 10 en cada unha das metodoloxías. Se a nota nalguna destas metodoloxías é inferior a 4 suspenderase a materia.

Cando sexa necesario acordar un tema, non se avaliarán as entregas non consensuadas coa profesora no prazo establecido para tal fin. Non se avaliarán os traballos que non teñan sido consensuados, como mínimo, un mes antes do final das aulas do periodo lectivo do cuatrimestre. Será obrigatorio presentar o traballo tutelado, a presentación oral en power point e o portafolios como mínimo 15 días antes do final das aulas do periodo lectivo do cuatrimestre.

Cando se teña feito unha das entregas do portafolios, as restantes prácticas desa metodoloxía non entregadas nos prazos que se establezan cualificaranse cun 0. Este será tamén o caso dos traballos que non cumpran coas instrucións prescritas para a súa elaboración ou que fosen copiados ou plaxiados.

SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Poderán presentarse á segunda oportunidade ÚNICAMENTE aqueles/as estudantes que non superen a materia na primeira oportunidade. Para aprobar, respectaranse as mesmas condicións e porcentaxes da primeira oportunidade. Gardaranse as notas relacionadas coas diferentes metodoloxías mencionadas no apartado de avaliación que resultasen aprobadas, polo que os alumnos poderán recuperarán só a parte/partes que teñan suspensas.

Será obrigatorio comunicar á docente como se abordará á avaliación nesta segunda oportunidade. Non se avaliarán os traballos que non teñan sido consensuados, como mínimo, un mes antes da data fixada para o exame pola Facultade de Humanidades. Será obrigatorio presentar o traballo tutelado e o portafolios como mínimo quince días antes da data fixada para o exame pola Facultade de Humanidades. Para presentarse ao exame é requisito imprescindible ter presentado previamente os traballos das restantes metodoloxías.

ALUMNOS CON DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL OU DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIAS ÁS AULAS LEGALMENTE RECOÑECIDA:

Avaliaranse polo mesmo sistema que o resto do alumnado.

Fontes de información

Bibliografía básica	- (2004). Anglo-American Cataloguing Rules. Chicago: American Library Association - Díez Carrera, C., (dir) (2005). La catalogación de materiales especiales. Gijón: Trea - Estivill Rius, A., (2006). Catalogación de recursos electrónicos. Gijón: Trea - Herrero Pascual, C., (2002). Catalogación para formato IBERMARC. Murcia: Diego Marín - Martínez García, M., y Olarán Múgica, M^a., (2005). Manual de catalogación en formato IBERMARC y MARC 21. Madrid: Arco-Libros - (1999). Reglas de Catalogación. Madrid: Ministerio de Educación y Cultura - Bereijo, A., (2003). Las Ciencias de lo Artificial y las Ciencias de la Documentación: incidencia de la Predicción y la Prescripción, en González, W. J.. (ed.) Racionalidad, Historicidad y Predicción en Herbert A. Simon, . A Coruña: Netbiblo - (2013). MARC21 Bibliographic Format. National Library of Canada - (2016). Formato MARC21 para registros bibliográficos. Biblioteca Nacional de España
Bibliografía complementaria	- Furrie, B., (). Understanding MARC bibliographic: Machine-Readable Cataloging. &lt;http://www.loc.gov/marc/umb/&gt; - (). MARC 21: MARC standards. &lt;http://www.loc.gov/marc/&gt; - (). Cataloguing tools by format. &lt;http://www.mun.ca/library/cat/formtool.html&gt; - (). Cataloguer's toolbox. &lt;http://www.mun.ca/library/cat/&gt; - (). TPOT: Technical Processing Online Tools. &lt;http://tpot.ucsd.edu/&gt; Os profesores poderán proporcionar nas clases bibliografía específica para cada un dos temas e actividades a desenvolver, co fin de adecuar e actualizar de maneira continua os contidos da materia.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Análise Documental/710G02013

Catalogación Descritiva de Documentos Especiais/710G02019

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Análise Documental/710G02013

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías